

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA AÑÓN

CURSO: 4º ESO

MATERIA: TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN Y DE LA  
COMUNICACIÓN

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

DATA: 12 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 1: Ética e estética na interacción en rede</b>	
Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.  Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.
<b>Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes</b>	
Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
<b>Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital</b>	
Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.  Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos
Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.

## 1. Estándares de aprendizaxe desenvolto no terceiro trimestre

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 5: Publicación e difusión de contidos</b>	
Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.
	Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Resolución de tarefas, realización de traballos escritos, actividades en liña, observación e seguimento da participación activa a través das distintas canles de comunicación co alumnado (correo electrónico, Aula Virtual, foro, videoconferencias, ...) En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só podera ter valor positivo para a cualificación final do alumnado.</p> <p>Valorarase especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente establecidas nos dous primeiros</p> <p><b>Instrumentos:</b> Tarefas de repaso, rexistro de actividades escritas, actividades e cuestionarios a través de Aula Virtual, Proba de avaliación utilizando Aula Virtual; esta última de forma presencial ou telemática segundo o permitan as condicións sanitarias cara o final de curso.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>1. Alumnado con avaliacións suspensas.</b> O alumnado con algunha avaliación suspensa terá unha proba de recuperación de cada unha das avaliacións que teña suspensa; esta proba será presencial ou telemática segundo o permitan as condicións sanitarias cara o final de curso. O seu valor na nota de recuperación será do 75%. Os exercicios e actividades de repaso feitos en Aula Virtual ou enviados en documentos dixitalizados contarán un 15% da nota da recuperación e o 10% restante basearase na participación e no uso das ferramentas empregadas neste período (correo electrónico, videoconferencias e actividades feitas ou entregadas a tempo). Unha vez que se teña a nota correspondente a cada avaliación calcularase a nota final da materia facendo a media aritméticas das dúas primeiras avaliacións do curso, á que se lle poderá engadir ata un máximo de 1,5 puntos en función do traballo realizado con respecto á ampliación da materia traballada na terceira avaliación.</p> <p><b>2. Alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas.</b> A nota final da materia será a nota media das dúas primeiras avaliacións, que se poderá incrementar nun máximo de 2 puntos segundo o traballo realizado no terceiro trimestre e o interese e participación a través das distintas canles establecidas (Aula Virtual, correo electrónico,..)</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	A proba extraordinaria de setembro estará baseada nos estándares imprescindibles dos dous primeiros trimestres. A proba farase de forma presencial ou telemática segundo as circunstancias o permitan.
<b>Alumnado de materia pendente (NON HAI)</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

--	--

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Lectura e estudo de materiais explicativos ou titoriais, realización de actividades escritas, actividades e cuestionarios en Aula Virtual, visionado de vídeos, buscas en internet, comunicacións por correo electrónico e participación en videoconferencias.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>O alumnado irá entregando ao profesorado as actividades escritas a través da Aula Virtual e do correo electrónico; fará as actividades e cuestionarios en Aula Virtual, dentro dos prazos indicados. Farase uso das videoconferencias –cando os medios técnicos o permitan- para explicacións e resolución de dúbidas.</p> <p>A metodoloxía será moi activa:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Motivadora: tratando que o alumnado non perda as gañas de seguir aprendendo nestas novas condicións. Hai que evitar que perda a rutina e a disposición cara á aprendizaxe. A carencia nestes hábitos poden levar ao alumnado á desafección, o absentismo, a repetición e o abandono escolar.</li> <li>b) Interactiva: con todo o grupo e de xeito individual usando a Aula Virtual e a Videoconferencia coa plataforma CISCO Webex –cando se poida-.</li> <li>c) Equilibrada: entre as competencias teóricas imprescindibles e a súa aplicación na resolución de cuestións e problemas.</li> <li>d) Resolutiva: para responder as dúbidas plantexadas polo alumnado.</li> <li>e) Diversificada: para atender as diferentes capacidades que ten o alumnado (<i>actividades de reforzo/recuperación e de ampliación</i>)</li> </ol>
<b>Materiais e recursos</b>	Estase a empregar a plataforma Aula Virtual para a entrega de documentos de traballos escritos e dixitalizados, o correo electrónico para as comunicacións e o sistema de videoconferencias para as explicacións e resolución de dúbidas. Nalgún caso tamén se fai uso do teléfono móbil cando a conectividade é nula ou de baixa calidade.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para informar desta adaptación da programación farase uso do correo electrónico ou do servizo de mensaxería que presta o Aula Virtual, para que o alumnado saiba que está á súa disposición na páxina web do centro, no espazo relativo ao Departamento de Tecnoloxía onde xa está publicada a programación elaborada ao inicio de curso.
<b>Publicidade</b>	Na área do departamento da páxina web do IES, xunto coa programación do curso 2019/2020.  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/</a>

En Outes , 11/05/20

Asdo: Ana Moure

Xefa do departamento de Tecnoloxía.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 6	CENTRO: IES POETA AÑÓN CURSO: 4ºESO MATERIA: TIC
--	---------------	--